

XORNADA DE PRESENTACIÓN DE www.acubam.org

“A IMPORTANCIA DA COMUNICACIÓN DIXITAL NAS ESTRATEXIAS COMERCIAIS DAS EMPRESAS”

Desde ACUBAM, como asociación sectorial implicada en contribuír ao desenvolvemento, crecemento e mellora da competitividade das empresas ás que representa, ponse en marcha en 2018, un proceso de reestruturación e da súa propia páxina web, nun esforzo por mostrar ao exterior as fortalezas, capacidades e oportunidades do sector agro na comarca do Baixo Miño. Entendida esta web como unha plataforma comercial conxunta e individual de cada socio, esta acción encádrase na liña de reforzo de imaxe e posicionamento da asociación e os seus asociados.

Nesta nova web, coidouse moito o deseño, converténdose en máis atractiva aos sentidos; e seleccionouse a información que se ofrece desde a web, así como, a imaxe e información de cada un dos socios e colaboradores que forman parte.

Adicionalmente, preténdese aproveitar esta oportunidade para reforzar a mensaxe da importancia da comunicación como unha ferramenta estratéxica de competitividade sectorial e das empresas que o conforman. Por tanto, propónse contar con expertos na área de comunicación que reforcen o noso coñecemento sobre esta materia e nos dean as claves para alcanzar os obxectivos comerciais que nos propomos desde as políticas de comunicación empresariais. Desde esta perspectiva, organízase dende Acubam unha interesante xornada de comunicación dixital como ferramenta nas estratexias comerciais das empresas. Neste sentido, contarase con expertos na materia e diferentes empresas que contarán as súas experiencias e recomendacións neste campo da comunicación.

Neste sentido, propónse facer coincidir a presentación da páxina web de ACUBAM cun foro que se centre na importancia que toman hoxe en día as ferramentas dixitais, nos retos empresariais relacionados con comunicación e comercialización de produtos/servizos.

No contexto de globalización mundial no que nos atopamos, asegurar a competitividade das empresas pasa por ser visible no mundo 2.0. Así pois, dispor dunha boa estratexia de comunicación e dotala de contido de calidade e creativo, é básico para asegurar o posicionamento e así contribuír a incrementar os beneficios da actividade empresarial.

Neste foro (formato mesa redonda) trasladaranse conceptos e facilitarase información sobre ferramentas e o seu uso para potenciar a imaxe das empresas e xerar maiores vendas.

Traballaranse os aspectos seguintes:

- **O valor da comunicación realizada polas persoas: como comunicar de forma efectiva.**

Chío Infante, Axencia Creativa Venditos

- Sesión práctica con Chío Infante, que nos trasladará as claves para deseñar e desenvolver un bo plan de comunicación nas empresas.

- **A Comunicación Dixital en Estratexias Empresariais como factor de diferenciación
“A importancia da presenza online para as empresas”**

Esther Garcinuño, SMART-PEME, DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

- Contextualización da era dixital e como afecta á actividade empresarial.
 - Como e con que temos que traballar para reforzar a nosa marca e afianzar clientes en medios sociais
 - Ferramentas que nos ofrece o mundo 2.0 para o noso negocio.
 - As boas prácticas na comunicación dixital: o que debemos e non debemos facer
- **As accións imprescindibles para as empresas: MESA REDONDA con experiencia de empresas**

A estrutura da xornada é a seguinte:

18:30 – 18:45 Presentación páxina web

18:45 – 19:30 O valor da comunicación realizada polas persoas: como comunicar de forma efectiva

19:30 – 20:15 A Comunicación Dixital en Estratexias Empresariais como factor de diferenciación: “A importancia da presenza online para as empresas”

20:15 – 20:45 Mesa Redonda: relatoras + entidades convidadas (experiencia práctica)

- Floristería Las Flores de Rita
- Bodega

20:45 – Viño